

Igrexa parroquial de Santiago

020052

Datos de Localización

Igrexa

Nomenclator:	3201203
Coord. UTM:	X: 601398
	Y: 4645921
Concello:	Os Blancos
Parroquia:	COVAS
Lugar:	Covas
Tipoloxía:	Arquitectura Relixiosa
Tipo:	Igrexas
Subtipo:	Igrexa



Denominación:	Igrexa parroquial de Santiago
Etapa Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Renacentista
Outros Estilos:	Popular

Descripción:

Igrexa de planta rectangular, dunha soa nave, realizada en perpiaño e con cuberta a dúas augas con tella do país. A zona do presbiterio é máis elevada, de planta cuadrangular e cuberta a catro augas decorada cun pináculo de bola.

Na fachada principal ábrese unha porta de arco de medio punto con grandes doelas. No paramento xusto debaixo da espadana, inscripción e óculo central flanqueados por pináculos, un deles remata cunha forma bulbosa. A espadana presenta dous arcos de medio punto moldurados ocupados por cadansúa campá, cos pilares decorados con casetóns. Na súa base esquerda aparece un reloxio de sol. Termina cunha forma triangular decorada cun arco de medio punto abucinado, flanqueado por dous pináculos piramidais rematados cunha forma bulbosa, e decorado cunha cruz.

Na fachada lateral esquerda encóntrase unha porta adintelada con lumieira con inscrición, preto un sillar do paramento contén unha inscrición numérica. Na zona do presbiterio, un vano rectangular abucinado decorado na parte superior cunha motivo de venera. Xusto enriba, ten un escudo labrado (libro 4.5.6, fol.36v., 1752. Obra do mestre de cantaría Domingo Antonio Gonzalez, o escudo, lousado da igrexa, cal e pirámides da fronteira, obra feita por unha condoación de deuda do Duque de Huescar). Na esquina entre a fachada principal e o lateral derecho encóntrase un canzorro.

Esta construcción delimitase cun muro de cachotería orixinal agás na parte traseira. Ten dúas entradas allbergando á propia igrexa e o camposanto parroquial.

A súa ubicación actual non é a orixinaria. No libro 4.5.4 de Visitas, fol.17v., 1712 "y respecto estar tan distante del lugar y en parte que por su retiro puede ser robada manda su Ilustrísima que el abad la traslade al lugar de Cobas". Sen fol (ó final do libro 4.5.6), 1751. Pedimento dos veciños para que se poida traslada-la igrexa do monte cara o poboado no sitio que ocupaba a capela de San Antonio e para iso se empreguen 2000 rls que deben ó Conde de Monterrey. Fol. 37, 1746 "las trece tegas de centeno que dio para la composicion de la capilla del Glorioso San Antonio de Padua, en donde se fundo la Yglesia nueba". Fol.37v., 1752 "991 rls que se incorporaron con los 2000 que dio el Duque de Huescar para la traslacion y fabrica de la yglesia nueba".

COBAS, Santiago
4.5.6 Primicias (1681-1856).

Fol. 12, 1695 "A los pedreros que empedraron el coro".
Fol. 22v. 1722 "se gasto en losar el coro y componerle de gradas y añadirle cinco sepulturas 38 rls
se gasto en abrir una ventana en la capilla mayor 4 rls y tapar la otra que estaba muy vaxa".
Fol.29, 1746 "se gastaron trece tegas (de pan) en la obra que se hizo en la hermita del glorioso san Antonio".
Fol.36v. 1752 Obra do mestre de cantaria Domingo Antonio Gonzalez por pedra de armas, lousado da igrexa, cal e pirámides da fronteira, obra feita por unha condoacion de deuda do Duque de Huescar.
Fol.37, 1746 "las trece tegas de centeno que dio para la composicion de la capilla del Glorioso San Antonio de Padua, en donde se fundo la Yglesia nueba"
Fol37v., 1752 "991 rls que se incorporaron con los 2000 que dio el Duque de Huescar para la traslacion y fabrica de la yglesia nueba".
Fol.39, 1752-62 "para hacer el sagrado (que no le avia) puso la fabrica de la Yglesia 225 rls.
Fol.72, 1856. Visita "tan luego como haya fondos disponibles se vera como adquirir terreno para ensanchar el atrio y construir la sacristia"
Sen Fol. (ó final do libro), 1751. Pedimento dos veciños para que se poida traslada-la igrexa do monte cara o poboado no sitio que ocupa a capela de San Antonio e que para iso se empreguen 2000 rls que deben ó Conde de Monterrey.

4.5.4. Visitas (1668-1722)

Fol.17v.1712 "y respecto estar tan distante del lugar y en parte que por su retiro puede ser robada manda su Ilustrísima que el abad la traslade al lugar de Cobas".

DOCUMENTACIÓN:

-Inventario del patrimonio arquitectónico de interés histórico artístico. Ministerio de Cultura.

-A.H.D.OU.

COBAS, Santiago

4.5.4. Visitas (1668-1722).

4.5.6. Primicias (1681-1856).

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulares

Construtivos: Gran canzorro na esquina entre a fachada principal e a lateral dereita.

Decorativos: Fachada principal: na zona da espadana reloxo de sol decorado cun rostro humano e no paramento enriba do óculo inscrición ilexible.

Fachada lateral esquerda: nun sillar "1627", diferentes cruces gravadas e na lumieria: "AE 1714 AR..."

Na zona do presbiterio, no lado esquierdo hai un vano abucinado decorado na parte superior cun motivo de venera. Por riba aparece un escudo formado por un cadrado flanqueado a cada lado por dous más pequenos. O de maior tamaño, alberga cinco estrelas de sete puntas dispostas do seguinte xeito: unha no medio e dúas a ámbolos dous lados. Como remate do conxunto aparece un motivo pseudotriangular con dúas volutas abertas no vértice, que no seu interior alberga unha estrela de seis puntas inscrita nun círculo.

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:


Descripción:


Proxecto:



Axentes:

Observacións: Encintado de cemento. Portas e ventá, con enreixado, metálicas pintadas de marrón. Na fachada lateral esquerda : contador da luz e vitrina de pvc branca. A parte traseira do muro e a cuberta son novas. Planchada de cemento na soleira da entrada da porta lateral esquerda.

Bens Móveis













Igrexa parroquial de Santiago

020052

